XUNTA DE GALICIA | CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

erasmus+ CMUS SANTIAGO

Cofinanciado por la Unión Europea

CONVOCATORIA DE MOBILIDADE ERASMUS+ EN GRUPO PARA ALUMNADO DO CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. Obxecto da convocatoria:

Convócanse catorce (14) prazas de mobilidade Erasmus+ para o alumnado de Grao Profesional do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.

2. Contexto:

A presente convocatoria responde á execución do proxecto acreditado 2026-1-ES01-KA121-VET-000440582, activo no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela entre o 1 de xuño de 2026 e o 31 de agosto de 2027. Este proxecto enmárcase dentro da acreditación 2025-1-ES01-KA120-VET-000383681, aprobada polo SEPIE na convocatoria de 2025.

3. Obxectivos:

Os obxectivos da acreditación Erasmus+ especificada no apartado anterior son os seguintes:

- O1. Impulsar a internacionalización do centro ampliando a súa rede de socios, fortalecendo as relacións existentes e establecendo o centro como unha localización de acollida atractiva.
- O2. Promover a sustentabilidade ambiental como pedra angular das mellores prácticas e avanzar na dixitalización dos recursos e procedementos do centro.
- O3. Potenciar a motivación do alumnado e do persoal creando oportunidades inclusivas e internacionais que abran novas vías para o desenvolvemento académico e profesional.
- O4. Afianzar a posición do centro como núcleo musical e cultural na cidade e reforzar o seu impacto social mediante a promoción efectiva das súas actividades internacionais.
- O5. Reforzar a competencia do persoal e do alumnado noutras linguas, mellorando así a difusión interna de contidos europeos e facilitando a promoción da nosa cultura no estranxeiro.

A presente convocatoria incide na consecución de todos os obxectivos da acreditación.

4. Presentación de solicitudes:

- Recepción de solicitudes: aberta dende o 13 de novembro ata o 23 de novembro de 2026, ambos días incluidos. As solicitudes haberán de presentarse por correo electrónico, enviando a documentación sinalada no apartado 8 da presente convocatoria á seguinte dirección:

  erasmus@conservatoriosantiago.gal

  Soamente en casos debidamente xustificados poderá presentarse a documentación en formato físico na secretaría do centro.

- Publicación de listaxes provisionais e definitivos de solicitudes admitidas e excluídas: unha vez rematado o período de recepción de solicitudes, publicarase unha listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas. Os/as interesados/as contarán cun prazo de alegacións de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da listaxe provisional.
- Publicación da puntuación provisional dos/as aspirantes e do resultado definitivo: unha vez rematada a avaliación das candidaturas publicarase o resultado provisional. As/os aspirantes contarán cun prazo de reclamacións de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación. Unha vez resoltas as reclamacións farase a publicación do resultado definitivo.
- Lugar e forma de publicación de listaxes e resultados: todas faranse públicas na páxina web do CMUS Profesional de Santiago de Compostela, lapela “Erasmus+”.

5. Proceso de selección de participantes:

5.1. Criterios de selección:

As candidaturas serán avaliadas en base aos criterios sinalados a continuación. A puntuación exacta de cada criterio pódese atopar no Anexo II desta convocatoria.

- Cualificación ponderada do expediente académico do curso 2025/2026, ou no caso de alumnado de novo ingreso, cualificación ponderada da proba de acceso realizada en 2025. A ponderación será a seguinte: 70% a cualificación de instrumento/canto, 30% a media das cualificacións das restantes materias.

- Proxecto de mobilidade: en formato de vídeo mp4 cunha duración máxima de 3 minutos. No caso de que o vídeo teña máis duración, soamente se visualizarán e avaliarán os primeiros 3 minutos. O arquivo deberá enviarse a través da plataforma WeTransfer á mesma dirección de correo electrónico de recepción de solicitudes.
- Fomento da participación de alumnado de quinto e sexto curso de Grao Profesional.
- Fomento da participación de alumnado que non participou nestas mobilidades no pasado.
- Apoio á inclusión de alumnado con menos oportunidades:
    - Alumnado con bolsa de estudos.
    - Outras casuísticas. As seguintes casuísticas están recollidas na estratexia de inclusión e diversidade do SEPIE (Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación):
        - ID1: alumnado con discapacidade.
        - ID2: alumnado con dificultades de aprendizaxe.
        - ID3: alumnado con problemas de saúde.
        - ID4: alumnado de minorías étnicas.
        - ID5: alumnado en risco de discriminación por razóns de xénero, idade, orientación sexual, relixión, crenzas ou discapacidade.

5.2. Órgano seleccionador: existirán dous tribunais. Por unha banda, un tribunal de valoración dos proxectos de mobilidade recibidos formado por dous docentes do conservatorio seleccionados por azar entre o conxunto do claustro, dous membros do equipo Erasmus+ e un/a presidente/a do tribunal designado polo equipo directivo. A avaliación dos proxectos será individual por parte de cada membro do tribunal e a cualificación final será a media aritmética das

cualificacións individuais, eliminándose a cualificación máis alta e a máis baixa no caso de que estas difiran en máis de 1,20 puntos. O profesorado titor de alumnado aspirante poderá formar parte do tribunal avaliador, pero non avaliará o proxecto de mobilidade do seu alumnado. Unha vez avaliados os proxectos de mobilidade, un segundo tribunal será o encargado de realizar a baremación de méritos, sumar as puntuacións e levantar acta da resolución provisional. Este segundo tribunal estará formado polos membros do equipo Erasmus+ e un un/a presidente/a do tribunal designado polo equipo directivo.

5.3. Resultado definitivo: ordenará as candidaturas por orde de puntuación, de maior a menor. As primeiras 14 posicións darán acceso á mobilidade. A listaxe de agarda comeza na posición 15.

6. Requisitos de participación:

- Estar cursando Grao Profesional no CMUS Profesional de Santiago de Compostela durante o presente curso.
- Estar asistindo regularmente á materia de instrumento/canto no presente curso.
- No caso de alumnado menor de idade, documento de autorización asinado por un titor legal.

7. Documentación para participar no proceso de selección:

7.1. Documentación obrigatoria:

- D1. Modelo de solicitude cumprimentado e asinado (Anexo I).
- D2. Proxecto de mobilidade: en formato de vídeo mp4 cunha duración máxima de 3 minutos (rúbrica de avaliación no Anexo III).

- D3. Documento asinado polo pai/nai ou titor legal que autorice ao alumno/a a participar na mobilidade (aplicable soamente para alumnado menor de idade).

7.2. Documentación xustificativa de pertenza ao colectivo de alumnado con menos oportunidades:

- ID1: certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%, ou certificado de ter aberto un proceso de recoñecemento de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- ID2: informe preceptivo dun equipo de orientación dun centro educativo ou delegación de educación.
- ID3: informe médico expedido polo centro de saúde ou autoridade sanitaria competente, que xustifique a necesidade dun apoio adicional por motivos de saúde.
- ID4: certificado de pertenza a unha minoría étnica, expedido polos Servizos Sociais e/ou resolución da condición de refuxiado.
- ID5: certificado da administración competente e informe dun departamento de orientación xustificando esta condición.

Toda a documentación, agás a xustificativa de pertenza ao colectivo de alumnado con menos oportunidades, deberá ser enviada por correo electrónico á dirección

erasmus@conservatoriosantiago.gal

atendendo deste xeito ao principio básico de sosteñibilidade e responsabilidade medioambiental do programa Erasmus+. A documentación xustificativa de pertenza ao colectivo de alumnado con menos oportunidades deberá entregarse na secretaría do centro. En casos debidamente xustificados, o equipo Erasmus+ autorizará a

presentación de toda a documentación en formato físico na secretaría do CMUS Profesional de Santiago.

8. Compromisos que adquire o alumnado seleccionado:

Os alumnos e alumnas que resulten seleccionados comprométense a realizar as seguintes accións:

- Asinar a autorización para difusión de imaxes por parte do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.
- Participar nas xornadas de formación previas á mobilidade organizadas polo equipo Erasmus+ do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.
- Colaborar na elaboración do acordo de aprendizaxe correspondente á súa mobilidade e asinalo unha vez completado.
- Asinar o acordo de subvención correspondente á súa mobilidade.
- Realizar a mobilidade.
- Participar nas xornadas de difusión posteriores á mobilidade organizadas polo equipo Erasmus+ do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.

9. Recoñecemento da mobilidade:

O alumnado participante recibirá un Documento de Mobilidade Europass expedido polo equipo Erasmus+ do CMUS Profesional de Santiago e asinado polos centros de envío e de acollida.

10. Disposicións finais:

10.1. A participación nesta convocatoria supón automaticamente a aceptación das súas bases.

10.2. Toda a información relacionada con esta convocatoria estará dispoñible na lapela *Erasmus*+ da páxina web do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.

10.3. Todas as resolucións da presente convocatoria publicaranse na sección *Erasmus*+ da páxina web do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.

10.4. Calquera casuística non contemplada nestas bases será resolta polo equipo Erasmus+ en colaboración co equipo directivo.

En Santiago de Compostela, a 13 de novembro de 2026

XUNTA DE GALICIA | CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

erasmus+ CMUS SANTIAGO

Cofinanciado por la Unión Europea

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN MOBILIDADES ERASMUS+ PARA ALUMNADO DO CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO MARCO DO PROXECTO 2026-1-ES01-KA121-VET-000440582

Nome completo:

Pola presente, PRESENTO a miña candidatura a participar en mobilidades Erasmus+ de alumnado no marco do proxecto 2026-1-ES01-KA121-VET-000440582. Para ser admitida/o no proceso selectivo correspondente, declaro presentar os seguintes documentos necesarios remitidos a erasmus@conservatoriosantiago.gal:

- Modelo de solicitude cumprimentado e asinado.
- Proxecto de mobilidade en formato vídeo mp4.
- Autorización do pai/nai ou dun titor legal (en caso de alumnado menor de idade).

En Santiago de Compostela, a ___ de novembro de 2026.

Asdo.

XUNTA DE GALICIA | CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

erasmus+ CMUS SANTIAGO

Cofinanciado por la Unión Europea

ANEXO II

BAREMACIÓN DE MÉRITOS DOS/AS ASPIRANTES A MOBILIDADES ERASMUS+ DE ALUMNADO

	Mérito a valorar	Puntuación máxima	Baremación
A	Expediente académico do curso 2025/2026	10	0,7*(Nota de instrumento) + 0,3*(Nota media das materias restantes)
B	Proxecto de mobilidade	4	Ver rúbrica de avaliación no Anexo III
C	Curso no que está matriculado/a	2	Alumnado de 6º de Grao Profesional: 2 Alumnado de 5º de Grao Profesional: 1 Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de Grao Profesional: 0
D	Historial de participación Erasmus+	2	A/O aspirante nunca participou en mobilidades Erasmus+ do CMUS: 2 A/O aspirante participou na mobilidade do curso 2024/2025: 1 A/O aspirante participou na mobilidade do curso 2025/2026: 0
E	E1. Alumnado con menos oportunidades: bolsa de estudos do MEC para estudar no CMUS Profesional de Santiago	2	A/O aspirante ten concedida esta bolsa de estudos: 1 Non se da a situación anterior: 0
	E2. Alumnado con menos oportunidades: outras casuísticas		A/O aspirante pertence a algún dos colectivos recollidos no apartado “outras casuísticas”: 1 Non se da a situación anterior: 0

ANEXO III

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DO PROXECTO DE MOBILIDADE DO ALUMNADO

Criterio de avaliación	0	0,33	0,67	1
A/O aspirante fai unha presentación persoal e profesional de sí mesmo: inicios, principais experiencias e méritos artísticos, principais intereses musicais.	Non se presenta.	Fai soamente unha presentación persoal, non profesional.	Fai unha presentación persoal, pero incompleta no plano profesional, sen pasar por todos os puntos pedidos.	Fai unha presentación completa, mencionando e explicando en detalle todos os apartados
A/O aspirante menciona as súas motivacións para participar nunha mobilidade Erasmus+: académicas, musicais, sociais.	Non menciona as súas motivacións.	Menciona as súas motivacións, pero estas son escasas e non abranguen todos os puntos mencionados	Menciona as súas motivacións e pasa por todos os puntos pedidos, pero o discurso é inconexo e falto de detalles.	Fai mención das súas motivacións cun discurso coherente e rico en detalles, pasando por todos os puntos mencionados.
A/O aspirante describe os resultados que agarda acadar coa súa participación nunha mobilidade Erasmus+: desenvolvemento persoal, desenvolvemento profesional	Non describe ningún resultado agardado.	Fai mención de resultados agardados, pero estos son escasos e pouco definidos	Fai mención de resultados agardados e pasa por todos os puntos pedidos, pero a descrición amósase escasa e falta de concreción.	Fai unha descrición clara e exhaustiva dos resultados que agarda acadar, pasando por todos os puntos mencionados.
A/O aspirante fai unha reflexión sobre cómo a súa participación nunha mobilidade Erasmus+ vai contribuir ao seu enriquecemento cidadán: cultura, lingua, europeísmo, inclusión e diversidade, conciencia medioambiental.	Non fai a reflexión descrita	Fai a reflexión descrita, pero esta é inconexa, escasa e non cubre todos os puntos mencionados.	Fai a reflexión descrita e pasa por todos os puntos pedidos, pero o discurso é inconexo e falto de detalles.	Fai unha reflexión ben argumentada, detallada e coherente, pasando por todos os puntos mencionados.
				Puntuación máxima total: 4